

DATOS IDENTIFICATIVOS				
Lingua e literatura: Galego				
Materia	Lingua e literatura: Galego			
Código	V51G120V01602			
Titulación	Grao en Educación Primaria			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Departamento da E.U. de Formación de Profesorado de E.X.B. (Vigo)			
Coordinador/a	Caíño Carballo, Ana			
Profesorado	Caíño Carballo, Ana			
Correo-e	ana.cainocarballo@ceu.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias	
Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer as áreas curriculares da Educación Primaria, a relación interdisciplinar entre elas, os criterios de avaliación e o corpo de coñecementos didácticos ao redor dos procedementos de ensino e aprendizaxe respectivos
B3	Abordar con eficacia situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multiculturais e plurilingües. Fomentar a lectura e o comentario crítico de textos dos diversos dominios científicos e culturais contidos no currículo escolar
C43	Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación
C44	Adquirir formación literaria e coñecer a literatura infantil
C46	Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma correspondente
C48	Fomentar a lectura e animar a escribir
C50	Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües
D1	Capacidade de análise e síntese
D2	Capacidade de organización e planificación
D3	Comunicación oral e escrita na lingua materna
D6	Capacidade de xestión da información
D7	Resolución de problemas
D8	Toma de decisións
D9	Traballo en equipo
D11	Traballo nun contexto internacional
D12	Habilidades nas relacións interpersoais
D13	Recoñecemento da diversidade e multiculturalidade
D14	Razoamento crítico
D15	Compromiso ético

D16	Aprendizaxe autónoma
D17	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D19	Lideranza
D21	Iniciativa e espírito emprendedor

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
1. Comprender os principios básicos das ciencias da linguaxe e a comunicación.			C43	D1 D3
2. Favorecer as capacidades de fala e escrita.			C46	D1 D3 D12 D14 D16 D17 D18 D21
3. Coñecer e dominar as técnicas da expresión oral e escrita para mellorar as competencias orais e escritas e, especialmente, para mellorar a redacción de textos académicos.	A1 A2 A3 A4		C46	D1 D2 D3 D9 D14 D16 D17 D18
4. Falar, ler e escribir correcta e adecuadamente en galego.			C46 C48 C50	D1 D3 D14 D16 D17 D18
5. Coñecer os diferentes rexistros e usos da lingua.	A2 A4	B3	C46	D1 D3 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19
6. Coñecer as liñas xerais da historia da lingua galega.	A1 A2 A3 A4 A5			D1 D3 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19
7. Coñecer os rudimentos teóricos para analizar a relación entre lingua e sociedade.	A1 A2 A3 A4 A5	B3	C50	D1 D2 D3 D7 D9 D13 D14 D15 D16 D17 D18

8. Coñecer a situación lingüística mundial multilingüe e multicultural.	A1 A3 A4 A5	B3	C50	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D11 D13 D14 D15 D16 D17 D18
9. Afrontar situacións de aprendizaxe de linguas en contextos multilingües.	A2	B3	C50	D1 D7 D8 D11 D13 D14 D15 D16 D17 D18
10. Relacionar a situación lingüística de Galicia coa situación lingüística mundial.	A2	B3	C50	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D11 D13 D14 D15 D16 D17 D18
11. Coñecer a situación legal, a normalización e a normativización do galego.	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3	C50	D1 D2 D3 D7 D8 D13 D14 D15 D16 D17 D18
12. Fomentar a eliminación dos prexuízos lingüísticos tanto da escola como da sociedade.	A2 A3 A4	B3	C50	D1 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D21
13. Coñecer a tradición oral e o folclore.	A1 A2 A3 A4 A5	B3	C44	D1 D3 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18

14. Adquirir formación literaria.	A1 A2 A3 A4 A5	B3	C44	D1 D2 D3 D7 D8 D14 D16 D18
15. Comprender o feito literario.		B3	C44 C48	D1 D2 D3 D14 D16 D18
16. Coñecer os rudimentos do comentario de texto (narrativo e/ou poético).	A1 A2 A3 A4 A5	B3	C44 C48	D1 D2 D3 D7 D8 D9 D13 D14 D15 D16 D17 D18
17. Coñecer a historia da literatura galega para saber contextualizar os textos que se comenten.	A1 A2 A3 A4 A5	B3	C44 C48	D1 D2 D3 D7 D8 D14 D15 D16 D17 D18
18. Aplicar os conceptos lingüísticos e literarios á análise da realidade galega atendendo á súa especificidade.	A2 A3 A4	B3	C43 C44 C46 C48 C50	D1 D2 D3 D7 D8 D9 D13 D14 D15 D16 D17 D18

Contidos	
Tema	
Historia da lingua galega.	1.1. A lingua galega na Idade Media. 1.2. A lingua galega nos Séculos Escuros. 1.3. A lingua galega no século XIX. 1.4. A lingua galega no século XX. 1.5. A lingua galega no século XXI. 1.6. Comentario de textos linguísticos.
Lingua e sociedade.	2.1. A linguaxe e a comunicación. 2.2. Unidade e variedade da lingua galega. 2.3. Lingua oral e lingua escrita. 2.4. A situación lingüística no mundo. 2.5. Os prexuízos lingüísticos. 2.6. Linguas en contacto: o caso galego 2.7. Bilingüismo e diglosia. 2.8. Interferencias lingüísticas 2.9. Normalización e normativización..
Tradición oral e folclore.	3.1. A literatura popular de tradición oral. 3.2. Da tradición oral á escrita de autor.

Literatura.	4.1. A linguaxe e a literatura. 4.2. A literatura galega na Idade Media. 4.3. A literatura galega nos Séculos Escuros. 4.4. A literatura no século XIX. 4.5. A literatura no século XX. 4.6. A literatura no século XXI. 4.7. O comentario de texto. Exemplos.

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Traballo tutelado	14	34	48
Resolución de problemas	22	34	56
Lección maxistral	14.5	29.5	44
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Traballo tutelado	Elaboración de textos orais e/ou escritos sobre unha temática concreta que se especificará na aula. O alumnado deberá procurar información, manexar bibliografía, etc.
Resolución de problemas	Corrección dos exercicios realizados e comentario de dúbidas. Corrección de actividades iniciadas na aula. Orientacións sobre os criterios para a elección de traballos que o alumnado deba realizar. Aclaración de todas as dúbidas que expoña o alumnado. Exposición de traballos.
Lección maxistral	Exposición por parte da profesora dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudantado.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**
Lección maxistral	Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula e/ou resolución de calquera dúbida referida ás encomendas que se realicen. O alumnado disporá de atención personalizada tanto nas horas de titoría (estarán marcadas no taboleiro situado xunto a porta do despacho da profesora, despacho B) coma nas horas de traballo nas aulas para resolver dúbidas, aclarar conceptos, etc.
Traballo tutelado	Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula e/ou resolución de calquera dúbida referida ás encomendas que se realicen. O alumnado disporá de atención personalizada tanto nas horas de titoría (estarán marcadas no taboleiro situado xunto a porta do despacho da profesora, despacho B) coma nas horas de traballo nas aulas para resolver dúbidas, aclarar conceptos, etc.
Resolución de problemas	Aclaracións relativas ao programa, a algún tema explicado na aula e/ou resolución de calquera dúbida referida ás encomendas que se realicen. O alumnado disporá de atención personalizada tanto nas horas de titoría (estarán marcadas no taboleiro situado xunto a porta do despacho da profesora, despacho B) coma nas horas de traballo nas aulas para resolver dúbidas, aclarar conceptos, etc.

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Traballo tutelado	Elaboración de traballos orais/escritos e orixinais a partir de lecturas de libros, de artigos, de conferencias realizadas por poñentes de prestixio, etc. que permitan afondar ou complementar os contidos da materia. Estes traballos, así como a súa cualifación específica, serán indicados nas diferentes sesións de traballo.	35	A1 A2 A3 A4 A5	B1	C43 C44 C46 C48	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D13 D14 D16 D17 D18

Resolución de problemas	Asistencia e participación activa á hora da corrección dos exercicios realizados e dos comentario sobre dúbidas.	25	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3	C43 C44 C46 C48 C50	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19
Lección maxistral	Asitencia e participación activa	5	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B3	C43 C44 C46 C48 C50	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D9 D12 D13 D14 D15 D16 D17 D18 D19
Exame de preguntas de desenvolvemento	Exame que será realizado na data oficial publicada na Secretaría do Centro (CONFIRMAR NA SECRETARÍA DO CENTRO)	35		B3	C46 C50	D1 D2 D3 D6 D7 D8 D13 D14 D16 D17 D18

Outros comentarios sobre a Avaliación

O sistema de avaliación pretende facer o alumnado partícipe do seu proceso de aprendizaxe. En liñas xerais procurarase unha avaliación continua, formativa e global, polo que se terán en conta tanto os coñecementos previos do alumnado como a súa participación no proceso de aprendizaxe e o resultado final deste proceso. A cualificación final da materia será o resultado da suma das distintas notas obtidas das actividades realizadas, segundo as porcentaxes asignadas, tal como queda estipulado no cadro superior. É dicir, a cualificación final será a suma da nota do exame (35%), dos traballos e prácticas (60%) e da participación activa (5%). Malia o dito, será preciso ter un 1,75 sobre 3,5 no exame para que se computen as demais notas e superar a materia.

ALUMNADO NON ASISTENTE Aquel alumnado que non asista ás aulas ou falte máis dun 20% do cómputo total das aulas impartidas terá que presentarse a un exame de toda a materia (este exame computará un máximo de 4 puntos). Así mesmo, deberá presentar una serie de traballos que a docente lle indicará. Para a asignación destes traballos, o alumno/a alumna deberá poñerse en contacto coa profesora antes do día 31 de marzo de 2020. Os traballos terán que ser entregados polo alumno/pola alumna o día da realización do exame e terán un valor máximo de 6 puntos. Malia o dito, será preciso ter un 2 sobre 4 no exame para que se computen as demais notas e se poida superar a materia.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bernárdez, C. L. et al, **Literatura galega. Século XX**, A Nosa Terra, 2001

Mariño, R., **Historia da lingua galega**, Sotelo Blanco, 1998

Roig Rechou, B. A. (coord.), **Historia da Literatura Infantil e Xuvenil Galega**, Xerais, 2015

Tarrío Varela, A., **Literatura galega. Aportacións para unha historia crítica.**, Xerais, 1994

Bibliografía Complementaria

Blanco, D., **Historia da Literatura popular galega**, Publicacións da Universidade de Santiago de Compos, 1994

Costas, X. H (coord.), **55 mentiras sobre a lingua galega**, Laiovento, 2009

Feixóo, X., **Gramática da lingua galega. Síntese práctica**, Xerais, 2004

Fernández Rei, F., **Dialectoloxía da lingua galega**, Xerais, 1990

Gutiérrez Izquierdo, R., **Lectura de nós. Introducción á literatura galega**, Xerais, 2000

Monteagudo Romero, H., **Estudios de sociolinguistica galega**, Xerais, 1995

Núñez Singala, M., **En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega**, Galaxia, 2009

Rodríguez Fer, C., **Comentario de textos contemporáneos.**, Xerais, 1992

Villanueva, D., **El comentario de texto narrativo: cuento y novela**, Nostrum, 2006

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Literatura infantil e xuvenil/V51G120V01910

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Lingua galega/V51G120V01404
Didáctica da lingua e literatura: Galego/V51G120V01501

Outros comentarios

En canto ao estudo da materia recoméndase:
- A asistencia continuada ás clases presenciais.
- A participación e a realización das tarefas prácticas que se propoñan.
- A dedicación responsábel e con rigor ao estudo da materia.

O horario de titorías da profesora poderá consultarse no despacho B (segundo andar).
Cómpre que o alumnado poña unha fotografía súa na plataforma CEUBlackboard.

Plan de Continxencias

Descrición

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===
Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===
Metodoloxías docentes que se manteñen:
As metodoloxías docentes serán as mesmas nos tres escenarios, dado que foron deseñadas para facilitar unha transferencia fluída desde un escenario 100% presencial a outro 100% en remoto. En calquera caso, a única diferenza atinxe ou espazo non que se desenvolverá a actividade. No posible escenario de ensinanza mixta ou semipresencial, as metodoloxías levaríanse a cabo de modo semipresencial e virtual. Por outra banda, no escenario de ensinanza a distancia, as metodoloxías previstas adaptaríanse a una modalidade de execución virtual.
Metodoloxías docentes que se modifican:
Non se modifica a dinámica propia de ningunha metodoloxía docente, excepto, como se di no apartado anterior, a súa modalidade de execución, presencial e virtual (no caso dun escenario mixto); e exclusivamente virtual (no caso dun escenario a distancia).
Mecanismo non presencial de atención ao alumnado (titorías):
No potencial escenario de docencia semipresencial, as sesións de titorización poderán realizarse presencialmente e/ou no despacho virtual, baixo a modalidade de concertación previa e no horario que se estableza. No caso dun escenario docente na modalidade a distancia, a titorización realizarase unicamente polos medios telemáticos mencionados.
Modificacións (se proceder) dos contidos a impartir:
Non hai modificacións nos contidos a impartir.
Bibliografía adicional para facilitar a auto-aprendizaxe:
A bibliografía adicional será proporcionada ao longo do desenvolvemento da materia.
Outras modificacións:
 Ferramentas para a docencia virtual. No escenario de docencia semipresencial, ademais da docencia presencial nas aulas, a actividade docente virtual impartirase mediante Campus Integra e preverase asemade o uso da plataforma de

teledocencia Faitic como reforzo, e sen prexuízo doutras medidas que se poidan adoptar para garantir a accesibilidade do alumnado aos contidos docentes.
 No escenario de docencia a distancia, a actividade docente realizarase exclusivamente de modo virtual.
=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===
Non hai cambios nin nos instrumentos nin nos criterios de avaliación establecidos na guía docente ordinaria.
Probas pendentes que se manteñen:
Todas as probas propostas na guía docente para as vindeiras convocatorias, mantéñense en calquera das tres modalidades de ensinanza previstas: presencial, mixta e a distancia, para o curso 2020-21. Os criterios de avaliación, así como a súa ponderación sobre a nota final, se manteñen, tanto para o alumnado asistente, coma para o non asistente. Os procedementos ou tipoloxía de probas de avaliación, tampouco se modifican no seu contido, pero si no seu modo de execución, no caso dos dous potenciais escenarios docentes extraordinarios previstos. Así, no caso de estar nunha situación de ensinanza mixta ou semipresencial, as probas de avaliación poderán ser organizadas de modo presencial, dependendo das instalacións e medios dispoñibles. Se non fose posible facelas presencialmente, combinaríase a modalidade presencial coa virtual ou realizaríanse exclusivamente de forma virtual.
Se a situación é de ensinanza a distancia, todas as probas de avaliación realizaranse de modo virtual.
Probas que se modifican
Para o curso 2020-2021, non hai modificacións nas probas de avaliación, agás no referido á modalidade de avaliación: presencial ou virtual, dependendo do escenario sanitario no que se leve a cabo a docencia.
Novas probas:
Non se prevén novas probas de avaliación.
Información adicional
Non hai.